

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 4
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____		Sexo:	home ☐	muller ☐
Lugar de nacemento:	☐ Galicia ☐ Outras rexións de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía				
Lugar de residencia:	☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea				
Tipo de estudos cursados:	☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lean detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empreguen bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúense á tarefa que se lles pide.
- Axústense ao número de palabras que se lles pide. Valorarase negativamente que non cheguen a ese número de palabras ou que se excedan demasiado.
- Non se lles proporcionará outro caderno de exame.
- Deben empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilicen o seu nome real no texto da proba nin marquen o exame con ningún sinal (por exemplo, non usen típex).
- Terán que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga

Certificado
Lingua
Galega

4



Proba A1

Vostede está asistindo a un curso de verán de *Historia e cultura galega* e o profesor mandoulle facer un traballo sobre os contratos forais nas terras do Ribeiro. Na busca de información atopou este documental. Véxao e tome as notas que precise para elaborar o seu traballo.

Logo de escoitar o documental, escriba un **texto** de **400 palabras** titulado *Os contratos forais no Ribeiro* que inclúa:

- Unha descrición da sociedade reflectida no documental: época, personaxes, institucións, modos de vida etc.
- As características dos contratos: obrigas e dereitos.
- Unha comparación e valoración persoal sobre a sociedade reflectida no vídeo e a do momento actual.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Vostede ten contratado un seguro para a súa vivenda que inclúe as seguintes coberturas:

- Incendio, explosión e implosión.
- Fume de orixe accidental.
- Fenómenos atmosféricos.
- Colisión ou impacto de vehículos ou meteoritos.
- Actos vandálicos.
- Inundacións.
- Danos eléctricos: na instalación e tamén nos aparellos, por cortocircuíto ou corrente anormal, incluída a perda de alimentos en frigoríficos ou conxeladores.

Un día de treboada, un raio avaría o seu ordenador por un exceso de tensión na rede. Necesíto con urxencia para o seu traballo e no servizo técnico dinlle que as pezas non se fabrican e que, para amañalo, cómpre recorrer a outras máis modernas e con prestacións superiores.

Velaquí o orzamento emitido polo servizo técnico:

Informática PC – FOGAR Rúa Nova, 134	Orzamento n.º	Data	Modalidade de pagamento
	12.345	23/09/2008	Caixa
Cantidade	Concepto		Prezo
1	Procesador T8556 (Substitúe a P IV)		150 €
1	Memoria RAM 2 GB (Substitúe a Memoria 1 GB)		85 €
1	Disco duro 360 GB (Substitúe a DD 250 GB)		120 €
TOTAL			355 €

Vostede presentou unha solicitude na compañía de seguros para que custeasen a reparación e a compañía contestoulle coa seguinte carta:

Vasp Seguros

Estimado/a cliente:

En resposta á súa solicitude de reparación do seu ordenador e consultados os servizos administrativos da compañía, comunicámoslle o seguinte:

1. Para poder efectuar unha reparación nun fogar, débese enviar un xustificante que acredite a causa dos estragos. No caso de avarías producidas por fenómenos atmosféricos, un perito da empresa achegarase ao domicilio e avaliará a causa dos danos.

2. Segundo consta na súa solicitude e no orzamento que nos fixo chegar, o que pide non é unha reparación, senón unha mellora do equipo. Lamentamos dicirlle que este servizo queda fóra do subscrito na súa póliza; con todo, a compañía comprométese a realizar unha retribución económica equivalente ao importe das pezas danadas, segundo a valoración que realice un dos nosos técnicos.

A compañía de seguros VASP exprésalle os seus desexos de que a información facilitada sexa da súa satisfacción. Unha vez máis, comprácenos atendelo e poñémonos á súa disposición para calquera outra información que precise en relación cos nosos produtos.

Un cordial saúdo.

Ánxela Úrculo
Directora do Servizo de Atención ao Cliente

A partir da información ofrecida nos diferentes documentos, redacte unha **carta-informe** de **400 palabras** para a compañía de seguros. Nela, vostede debe:

- Explicar as causas da avaría do seu ordenador e sinalar as coberturas do seguro pertinentes.
- Discrepar das explicacións que lle ofrece a compañía de seguros.
- Ofrecer solucións que os poidan satisfacer a vostede e á compañía.
- Informar das medidas que pensa adoptar vostede se non se atende a súa demanda.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2